Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RAFAEL DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO

Que na sesión extraordinaria do 9 de outubro de 2026 o Pleno adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"1.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL NO CONCELLO DA LARACHA. Expte: 2026/E005/000007

O ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno celebrada o día 06 de outubro de 2026, é o seguinte:

"**APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL 2026.**

ANTECEDENTES
-Proposta de regulación da carreira profesional horizontal do persoal do Concello da Laracha presentada en data 13.03.2026 por J&L Tudó Consulting S.L., RE nº 202699900000676 ((202699900000676) Carrera profesional A LARACHA.pdf)

-A Proposta inicial de regulación da carreira profesional horizontal foi negociada cos representantes do persoal na mesa de negociación de data 13.03.2026, convocada por Resolución da alcaldía de data 6.03.2026 (Expte: 2026/X999/000172).

-Providencia de alcaldía de data 27.04.2026 solicitando os informes preceptivos para a aprobación da regulación carreira profesional horizontal aprobada polos representantes do persoal en data 13.03.2026.
-Proxecto inicial de regulamento da carreira profesional horizontal do persoal do Concello da Laracha asinado en data 5.05.2026.
- Informe de secretaria de data 14.05.2026
- Informe de intervención de data 15.09.2026
- Mesas Xerais de negociación de datas 15.09.2026 e 22.09.2026.
- Redacción definitiva do Regulamento da carreira profesional horizontal do persoal do Concello da Laracha de data 22.09.2026

CONSIDERACIONS XURIDICAS
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Artigos 128 a 133
- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: Artigos 4.1, 21.1, 22.2, 25.1 e 2, 49, 65.2, 70.2, 84, 123 e 127.
- O RD Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local: Artigos 55 e seguintes.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; e Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro.

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

- O Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955: Artigos 5, 7, e 11.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro , polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), establece o dereito á carreira profesional e a avaliación do desempeño, remitindo a súa regulación ás leis de función pública que se diten en desenvolvemento dese Estatuto. Na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia regúlase a carreira profesional así como os principios a ter en conta na súa regulamentación.

De conformidade co establecido no artigo 37.1. k) e 38 do TREBEP e o artigo 154 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Regulamento foi obxecto de negociación nas Mesas Xerais de Negociación de datas 13.03.2026, 15.09.2026 e 22.09.2026, tendo en conta que afecta as condicións de traballo dos empregados públicos.

Considerando a súa natureza regulamentaria de tipo organizativo, o procedemento requirirá dar cumprimento ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, polo que será elevada a Pleno da corporación, previo ditame da comisión informativa, a proposta que inclúa o texto definitivo do Regulamento, unha vez que, como é preceptivo, foran negociadas polos representantes sindicais reunidos en Mesa Xeral de Negociación.

Visto o informe preceptivo emitido pola Secretaria da Corporación en data 14.05.2026 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o proxecto inicial de regulamento da carreira profesional horizontal do persoal do Concello da Laracha asinado en data 5.05.2026, e a versión definitiva de data 22.09.2026 tras os informes preceptivos -informe de fiscalización de intervención de data 15.09.2026- e a sesión da mesa xeral de negociación de data 22.09.2026.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello da Laracha que é o que de seguido se transcribe:

"**REGULAMENTO POLO QUE SE ARTICULA A AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO E RENDEMENTO E CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSONAL DO CONCELLO DA LARACHA.**

Artículo 1. Obxeto.

1.1 A carreira profesional é un recoñecemento do dereito do persoal empregado do Concello da Laracha a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento profesional, no que ten que ver con coñecementos, formación, experiencia, participación e iniciativas concretas de traballo que supoñan dedicación, implicación e compromiso co Concello e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión. A modalidade de carreira profesional horizontal será de aplicación a todos os/as empregados/as públicos do Concello

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

da Laracha nos termos do artigo 20 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, agás o persoal eventual, que ten un réxime de retribucións específico, en aplicación da Disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Son obxecto deste Regulamento os efectos dos resultados obtidos na avaliación do desempeño, previa valoración da súa traxectoria e actuación profesional, dos coñecementos adquiridos, a calidade dos traballos realizados, outros méritos e aptitudes e, en definitiva, o resultado da avaliación do desempeño.

Este sistema é voluntario, consolidable e se dividirá en dous procedementos, ordinario e extraordinario.

1.2 Obxectivos e características da carreira profesional horizontal:

Son obxectivos do sistema de carreira profesional horizontal os seguintes:

a) Recoñecer a achega dos/das profesionais á mellora da calidade dos servizos que realiza o Concello da Laracha.
b) Distinguir aos/ás profesionais, outorgándolles un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional individual.
c) Xerar máis corresponsabilidade dos/das profesionais e fomentar a cultura do compromiso co sistema público, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.
d) Lograr un maior grao de motivación dos/das profesionais que persista e que se reforce ao longo da súa vida laboral e, con iso, propiciar a mellora da xestión dos servizos públicos.

1.3 Son características da carreira profesional horizontal as seguintes:

a) Voluntaria: corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos distintos graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos.
b) Personalizada: o recoñecemento do grao ten carácter persoal e individual e farase considerando o cumprimento dos requisitos esixidos para o recoñecemento de cada grao alegado polas persoas interesadas nas súas solicitudes, de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
c) Progresiva: o acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de forma que o acceso ao grao superior só será posible alegando o recoñecemento do grao inmediatamente inferior e tras un período de permanencia nel e o cumprimento dos demais requisitos esixidos neste acordo.
d) Avaliable: o sistema fundaméntase na avaliación, suxeita a baremo, dos méritos e permanencia no servizo, segundo o establecido neste acordo.
e) Transparente: os elementos e criterios de avaliación serán públicos.
f) Irreversible: a progresión no recoñecemento dos graos terá carácter irreversible e consolidada, salvo nos casos de sanción disciplinaria de demérito (artigo 96.1d) do TREBEP).
g) Independente do posto de traballo que se ocupe: obter un grao de carreira determinado ou acceder a outro non implica cambiar de posto de traballo nin da actividade que a persoa interesada desenvolva.

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

h) Incentivada e retribuída nos termos establecidos na presente disposición regulamentaria.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O sistema de recoñecemento do grao de carreira administrativa será de aplicación a todo o persoal empregado público do Concello da Laracha: persoal funcionario, de carreira e interino, persoal laboral, temporal, fixo e indefinido.

Artigo 3. Estrutura e sistema de graos

3.1 O sistema de recoñecemento do grao de carreira administrativa do persoal do Concello da Laracha estrutúrase en 5 graos para cada grupo ou subgrupo de clasificación profesional: grao inicial, grao I, grao II, grao III e grao IV.

3.2 O grao inicial non terá retribución.

3.3 Os graos I ao IV recoñecidos aboaranse mediante unha retribución, de carácter fixo, segundo o grupo ou subgrupo de clasificación profesional correspondente. A progresión de grao neste sistema non terá efectos xerárquicos nin funcionais no desempeño do posto de traballo. O recoñecemento dos graos establecidos neste sistema de carreira administrativa será acumulativo, podendo percibirse ata o límite máximo de catro graos, que serán os de maior contía.

3.4 As contías anuais que se percibirán por este complemento serán as seguintes:

GRUPO/SUBGRUPO CLASIFICACIÓN PROFESIONAL	GRAO INICIAL	GRAO I	GRAO II	GRAO III	GRAO IV
A1	0	1.650,00 €	1.650,00 €	1.650,00 €	1.650,00 €
A2	0	1.414,28 €	1.414,28 €	1.414,28 €	1.414,28 €
B	0	1.178,00 €	1.178,00 €	1.178,00 €	1.178,00 €
C1	0	1.114,28 €	1.114,28 €	1.114,28 €	1.114,28 €
C2	0	900,00 €	900,00 €	900,00 €	900,00 €
AP	0	642,86 €	642,86 €	642,86 €	642,86 €

3.5 Estas contías serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

3.6 No caso de incorporación ou cese do persoal, o aboamento do complemento de carreira profesional será proporcional ao tempo de traballo no período de avaliación do desempeño.

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

3.7 No caso do persoal laboral, as contías serán aboadas, segundo a categoría profesional da persoa interesada, entre as categorías laborais do persoal laboral e os grupos/subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario.

3.8 Este complemento percibirase polo persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo, que se atope en situación de servizo activo no Concello da Laracha, sempre que desempeñen algún posto de traballo ou cargo no mesmo e obteña unha cualificación positiva na avaliación anual do desempeño.

3.9 O inicio do cómputo da antigüidade para o recoñecemento de grao nun determinado grupo/subgrupo de clasificación profesional será a data da toma de posesión na correspondente escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional para o que se solicite o recoñecemento de grao.

3.10 Para os efectos de completar o período de permanencia en cada un dos graos computarase o tempo transcorrido na situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.

3.11 No suposto de que se teñan recoñecidos no Concello da Laracha graos retribuídos en distintos grupos ou subgrupos, percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos, que serán os de maior contía.

3.12 No caso de que o persoal funcionario acceda a un grupo ou subgrupo de clasificación profesional distinto, terá dereito a seguir percibindo os graos anteriormente recoñecidos, co límite máximo de catro graos, e o período de permanencia non computado para o recoñecemento do grao anterior (período sobrante) computarase para os efectos de acceso ao grao seguinte que corresponda. Este cambio non afectará ao grao de carreira xa recoñecido.

3.13 Se o acceso se produce nun grupo ou subgrupo diferente, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente ao grao ou graos recoñecidos nos grupos ou subgrupos anteriores e comezará a progresión na carreira administrativa no novo grupo ou subgrupo, téndose por recoñecido o grao inicial (que non leva retribución) no novo grupo ou subgrupo.

3.14 A solicitude de recoñecemento de grao da carreira administrativa establecido neste acordo será voluntaria e nela deberá indicarse expresamente o grao ou graos que o persoal solicita que se lle recoñezan. A información incluída nas ditas solicitudes presentadas polas persoas interesadas será obxecto de valoración pola Comisión de avaliación da carreira profesional horizontal. Só se recoñecerán os graos de carreira solicitados polas persoas interesadas.

3.15 Todos os recoñecementos de grao realizados dentro do sistema de recoñecemento do grao de carreira administrativa establecido neste acordo requirirán a correspondente tramitación administrativa e a resolución do órgano competente en materia de persoal do Concello da Laracha.

3.16 Non se poderá solicitar, nin se procederá ao recoñecemento de graos, a aquel persoal que se atope na situación administrativa de suspensión firme de funcións de conformidade co establecido no artigo 180 da LEPG.

Artigo 4. Sistema ordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa

4.1 O sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal do Concello da Laracha de carácter ordinario iniciarase cun grao inicial e terá catro graos máis, aos cales se

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

accederá cunha determinada permanencia no grao anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos e se teña unha avaliación favorable.

No último trimestre de cada ano o Concello abrirá unha convocatoria para que os traballadores municipais presenten as súas solicitudes e acrediten o cumprimento dos requisitos.

4.2 Requisitos para acceder ao sistema de recoñecemento e progresión do grao do sistema da carreira administrativa:

a) Estar incluído no ámbito de aplicación definido no artigo 2.

b) Estar en situación de servizo activo no Concello da Laracha desempeñando un posto de traballo no Concello da Laracha.

c) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao, por medios electrónicos, de acordo co establecido en cada convocatoria.

d) Cumprir os requisitos de antigüidade como persoal do Concello da Laracha.

e) Acreditar a formación recibida e impartida, as titulacións e publicacións, de conformidade co disposto no apartado 4.4.1 deste mesmo artigo.

f) Contar cos informes favorables respecto á avaliación do desempeño.

4.3 Será requisito para o recoñecemento dun grao superior do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa a permanencia do persoal na correspondente escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional do seguinte período de tempo mínimo para cada grao, salvo o establecido no punto 3.12 para o acceso a prazas de grupos/subgrupos distintas:

− Grao inicial: o tempo de permanencia no grao inicial comezarase a computar desde a toma de posesión no Concello da Laracha ou calquera outra Administración Pública na correspondente escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional.

− Para o acceso ao grao I: 5 anos de permanencia na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional desde a adquisición do grao inicial, avaliación positiva no desempeño e acreditar a formación segundo o disposto no apartado 4.4 deste mesmo artigo.

− Para o acceso ao grao II: 5 anos de permanencia na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional desde a adquisición do grao I, avaliación positiva no desempeño e acreditar a formación segundo o disposto no apartado 4.4 deste mesmo artigo.

− Para o acceso ao grao III: 5 anos de permanencia na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional desde a adquisición do grao II, avaliación positiva no desempeño e acreditar a formación segundo o disposto no apartado 4.4 deste mesmo artigo.

− Para o acceso ao grao IV: 5 anos de permanencia na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional desde a adquisición do grao III, avaliación positiva no desempeño e acreditar a formación segundo o disposto no apartado 4.4 deste mesmo artigo.

Unha vez consolidado cada grao a percepción efectiva do complemento de carreira horizontal esixirá a cualificación positiva da avaliación anual do desempeño.

Para os efectos de completar o período de permanencia en cada grao, computarase o tempo transcorrido na situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

reserva de praza na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional.4.4 Ademais do requisito da permanencia no grao anterior, a persoa ha de obter a cualificación de APTO/A no bloque de formación recibida e impartida, titulacións e publicacións e de POSITIVO no bloque de avaliación do desempeño:

4.4.1 Formación recibida e impartida, titulacións e publicacións:

a) Formación recibida: valorarase a realización de cursos de formación expedidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), escolas de formación similares do Estado e das restantes Administracións Públicas, demais Administracións Públicas, universidades, organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas, colexios profesionais, e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración.

Para a primeira convocatoria da carreira profesional, e de modo excepcional, se admitirán como válidos os cursos realizados dende o ano 2000 ata a data de publicación da convocatoria. No resto das convocatorias só serán valorados os cursos cunha antigüidade inferior a 15 anos.

Será considerada como válida a formación relacionada co posto de traballo e a formación transversal (violencia de xénero, igualdade, atención ao público, prevención de riscos laborais, idiomas ou similares). A formación será xustificada mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas e o programa formativo, sen todo o cal non serán válidos.

Non se terá como computable os estudos ou formación requirida para o posto de traballo pero si toda aquela que supoña incremento de cualificación.

A formación incluída neste apartado valorarase a razón de 0,20 puntos por hora de formación con certificado de asistencia e 0,30 puntos por hora de formación con certificado de aproveitamento.

b) Formación impartida: valorarase a impartición de cursos de formación, en calquera das materias referidas nos apartados a) ou as titorizacións de alumnos en prácticas a razón de 0,40 puntos por hora de formación impartida.

c) Títulos universitarios oficiais: valorarase cada título universitario oficial directamente relacionado co posto de traballo ou con materias relacionadas coa Administración Pública, do seguinte xeito: mestrado universtario oficial (6 puntos), licenciatura ou grao universitario oficial (8 puntos), doutorado universitario oficial (10 puntos).

d) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa administración pública: valorarase a razón de 2 puntos por cada publicación.

A avaliación deste apartado 4.4.1 considerarase APTA, aos efectos do recoñecemento do grao solicitado, cando se obteña a seguinte puntuación mínima en función grupo/subgrupo de clasificación persoal correspondente ao grao solicitado:

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

GRUPO/SUBGRUPO	PUNTOS
A1	70
A2	60
B	50
C1	40
C2	30
AP	20

4.4.2 Desempeño:

Ao longo do primeiro trimestre de cada ano, aprobarase por Resolución da alcaldía, a proposta da Comisión de avaliación da carreira profesional horizontal, e o Plan anual de avaliación, no que se marcarán, por un lado: as competencias profesionais (entre as que poden figurar: a capacidade de organización e planificación, a minuciosidade e responsabilidade, a asistencia efectiva ao traballo, o uso eficiente dos medios, o rendemento laboral, a iniciativa, a cooperación, colaboración e traballo en equipo, a atención ao público, o liderazgo, formación e demais capacidades similares) e polo outro: os obxectivos (individuais e/ou colectivos) que serán obxecto de avaliación nese ano e as súas correspondentes puntuacións.

O bloque de competencias profesionais terá unha puntuación máxima de 50 puntos e o bloque de obxectivos terá unha puntuación máxima doutos 50 puntos. Para lograr a cualificación de avaliación do desempeño POSITIVA o traballador deberá obter un mínimo de 40 puntos.

Para os efectos de que a comisión avalíe o desempeño de cada traballador, os superiores xerárquicos (responsables administrativos ou concelleirías delegadas) de cada unha das áreas contempladas na Relación de Postos do Concello de Laracha poderán cubrir, ao longo do mes de novembro de cada ano, un cuestionario no que se puntúe, ao seu xuízo, as competencias profesionais e os obxectivos fixados no Plan anual de avaliación do correspondente ano. Así mesmo, poderá propoñer á Comisión, ao longo do mes de decembro de cada ano, as competencias profesionais e os obxectivos que, ao seu xuízo, sería conveniente avaliar ao longo do ano seguinte.

Para que poida realizarse a avaliación anual do desempeño será necesario que pola persoa avaliada se realice o desempeño efectivo do posto de traballo de maneira continuada ou descontinua polo menos durante o 75% durante os 12 meses anteriores á convocatoria, ou proporcionalmente ao tempo traballado, nos casos de novas incorporación ou ceses e fins de contrato. En caso contrario non se computará ningunha puntuación de avaliación de desempeño na devandita anualidade salvo os supostos de permiso por parto; permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento; Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla; risco durante o embarazo, risco durante a

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

lactación natural, traslado por motivos de violencia de xénero ou violencia sexual; excedencia voluntaria por coidado de familiares; excedencia por razón de violencia de xénero ou violencia sexual, excedencia por violencia terrorista.

4.5 Os méritos sinalados no punto 4.4 que se computen para o recoñecemento dun grao do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa non se computarán a efectos da obtención dunha avaliación favorable na solicitude de recoñecemento de graos posteriores.

4.6 O procedemento para a solicitude de recoñecemento dos seguintes graos do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa de carácter ordinario establecerase en cada convocatoria. Este procedemento tramitarase por medios electrónicos.

Artigo 5. Comisión de avaliación da carreira profesional horizontal

5.1 Constituirase unha comisión de avaliación da carreira profesional horizontal con funcións de seguimento e interpretación da aplicación e implantación do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa no Concello da Laracha. Actuará con obxectividade, imparcialidade e profesionalidade.

5.2 Corresponde á comisión a realización das seguintes funcións:

a) Avaliación permanente da xestión da implantación do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Laracha, para os efectos de realizar propostas de mellora.

b) Emisión de ditames interpretativos sobre a aplicación do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Laracha.

c) Valorar as solicitudes de recoñecemento de grao, cualificando a formación (apto/a ou non apto/a) e o desempeño (avaliación positiva ou negativa), elevando ao alcalde, para a súa resolución, proposta de acordo de estimación ou desestimación das devanditas solicitudes.

d) Propoñer ao alcalde o Plan anual de avaliación, no que se marcarán as competencias profesionais e os obxectivos que serán obxecto de avaliación e as súas correspondentes puntuacións.

e) Resolver as alegacións que se presenten en relación coa carreira profesional horizontal.

f) Velar pola aplicación exacta dos criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación ao longo do proceso de avaliación.

5.3 A comisión de avaliación e seguimento estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: o Alcalde ou persoa en quen delegue.

- O/a titular da Secretaría ou persoa en quen delegue.

- O/a titular da Intervención ou persoa en quen delegue.

- O/a titular da Tesourería ou persoa en quen delegue.

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

- Concelleiro/a de Persoal ou persoa en quen delegue.

- Un delegado do persoal funcionario.

- Un membro do Comité de empresa do persoal laboral.

Actuará de secretario: un funcionario/laboral do departamento de Secretaría.

O réxime de funcionamento da Comisión será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015.

5.4 A comisión reunirase ordinariamente unha vez ao ano, ao longo do mes de xaneiro, para a realización das función sinaladas nos apartados c) e d) mencionadas no apartado 5.2 e con carácter extraordinario cando se considere necesario a petición dalgún dos seus membros, sempre que existan dúbidas interpretativas ou incidencias relativas á implantación do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Laracha.

5.5 No exercicio das súas funcións, e para o desenvolvemento adecuado destas, a Comisión poderá solicitar a todo o persoal implicado no proceso todos os datos e antecedentes que considere oportunos, así como servirse do asesoramento técnico necesario, solicitando á Presidencia que convoque o persoal de asesoramento técnico que se considere necesario para poder resolver algún caso en particular.

Artigo 6. Homologación e recoñecemento dos servizos prestados do persoal procedente doutras administracións públicas

6.1 Para a homologación dos graos de carreira horizontal que puideran ter recoñecidos as persoas empregadas procedentes doutras administracións públicas que sexan nomeadas no Concello da Laracha, estarase ao establecido nos convenios ou noutros instrumentos de colaboración subscritos e vixentes entre o concello e a administración de orixe.

Para a homologación de categorías persoais, graos ou niveis de carreira horizontal terase en conta a equivalencia por número de anos prestados na Administración para os efectos de incluír ao empregado no nivel de categoría correspondente no Concello da Laracha. En todo caso o importe económico a percibir será o establecido neste regulamento, así como o total de horas de formación para cada nivel o establecido no regulamento.

A solicitude de homologación presentarase por rexistro dirixida á Comisión de avaliación da carreira profesional horizontal achegando a documentación acreditativa do grao de carreira administrativa horizontal recoñecido na Administración de procedencia.

6.2 Ao persoal que ingrese no Concello da Laracha procedente doutras Administracións públicas que non teña recoñecido un grao de carreira administrativa horizontal poderánselle computar os anos de servizo na súa administración de orixe, a efectos da permanencia recollida no artigo 4.3 sempre que exista equivalencia inequívoca na escala, subescala, clase e praza ocupada naquela e na que se pase a ocupar no Concello da Laracha.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas que o persoal queira facer valer para o recoñecemento de grao, deberán indicarse na solicitude de recoñecemento nos termos establecidos en cada convocatoria e serán avaliados polo Comisión de avaliación da carreira profesional horizontal a efectos da valoración da homologación, equivalencia e correspondencia cos servizos prestados no Concello da Laracha. A estes efectos, se poderán recoñecer en cada convocatoria anual

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

os graos que correspondan á antigüidade de cada persoa, tendo en conta as limitacións recollidas na disposición transitoria primeira.

6.3 Os recoñecementos previstos nos puntos 6.1 e 6.2 requirirán a solicitude da persoa interesada, a tramitación do correspondente procedemento administrativo e a emisión dunha resolución polo órgano competente en materia de persoal do Concello da Laracha.

Disposición transitoria 1. Primeira convocatoria

Na primeira convocatoria, que se fará no ano 2026, especificaranse de modo excepcional e só para dito ano, as competencias profesionais e os obxectivos que serán avaliables para dito ano. Todo o persoal poderá solicitar o grao máximo ao que tería dereito por tempo de permanencia na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional e sempre que acredite formación recibida e impartida, titulación e publicacións pola puntuación mínina correspondente ao seu grupo/subgrupo que consta na táboa do artigo 4.4, e conte co informe favorable respecto á avaliación do desempeño. Se ben o aboamento do complemento que lle corresponda a cada traballador será graduado e progresivo segundo a seguinte táboa:

- Ano 2026: 20%
- Ano 2027: 40%
- Ano 2028: 60%
- Ano 2029: 80%
- Ano 2030: 100%

Disposición transitoria 2. Xubilación

En recoñecemento aos servizos prestados no Concello da Laracha, o persoal que se xubile dende a entrada en vigor deste acordo ata o 31/12/2033 e conte con 20 anos de exercicio profesional no Concello da Laracha, terá dereito ao aboamento do 100% (grao IV) do complemento de carreira horizontal adicional ao complemento de destino correspondente en función do grao ou graos de carreira administrativa que teña recoñecidos de acordo co establecido neste acordo, sempre e cando acredite formación recibida e impartida, titulación e publicacións pola puntuación mínina correspondente ao seu grupo/subgrupo que consta na táboa do artigo 4.4, e conte co informe favorable respecto á avaliación do desempeño.

Disposición final. Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local..”

SEGUNDO.- Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios deste Concello e na sede electrónica municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os interesados poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas.

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

TERCEIRO.- As reclamacións e suxestións presentadas, no seu caso, serán elevadas ao Pleno coa proposta de estimación ou desestimación que proceda e de aprobación definitiva do Regulamento transcrito nos termos propostos. En caso de non presentarse reclamacións nin suxerencias, entenderase aprobado definitivamente o Regulamento, a cuxo efecto pola Alcaldía ordenaranse os trámites necesarios para a conclusión do procedemento e a súa entrada en vigor.

CUARTO.-Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro do Regulamento, se publique no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento, e se comunique ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro."

A presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra Dna. Inés Ramos López, voceira do PSOE: "Si, nós imos votar a favor, consideramos que o funcionariado, o persoal que estea valorado que teña recoñecida a súa formación, e a súa profesionalidade, pois tradúcese nun mellor servizo. Entón consideramos que é unha boa iniciativa e que vamos a votar a favor."

Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, voceira do grupo municipal do BNG, indica que o sentido do voto do seu grupo será a favor.

Intervén o Sr. Alcalde: "Moi ben, pois alégrome que este tema, que é un tema que afecta directamente a todo o persoal laboral do Concello, pois que sexa aprobado por unanimidade. Moitas grazas a todos."

Sen máis intervencións, sométese o asunto a votación quedando aprobado, por **UNANIMIDADE**: **12 votos a favor** do grupo municipal do PP: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dna. Patricia María Bello Canedo, Dna. Mª del Rocío López Rey, D. Pablo Cambón Bértoa, D. Xosé Alberto Blanco Veiga, Dna. Verónica Pérez Verdía, Dna Mª Almudena Martínez Pérez, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 votos a favor** do grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé Mª Cotelo Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas; e **2 votos a favor** do grupo municipal do PSOE: Dna. Inés Ramos López, D. José Suárez García.

O que certifico, na Laracha, a data da sinatura electrónica, co visto e prace do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.

CVD: oXZ+ECNPZjTbCC/x4Vk7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/